

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119




CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

Secretaria 1/5

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello



## NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 09/05/2016 que di:

### "RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

*LOGO DE VER a relación de procedementos conclusos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 05/05/2016.*

*TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:*

**PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o**

Día: 12/05/2016  
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois  
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.  
Orde do día:

### I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 10/03/2016, Acta 2016/02
- 2 Aprobación da proposta de modificación do convenio de urbanístico co Arcebispado de Santiago de Compostela para actuacións na aldea de Cures (Boiro) aprobado polo Pleno do Concello de Boiro en sesión que tivo lugar o 31/07/2014
- 3 Aprobación inicial do proxecto da obra "Mellora do colector do río Breiro, eliminación de pluviais e implantación de TDUS. Boiro (A Coruña)", clave OH.315.1028
- 4 Moción de Iniciativa Cidadá de Boiro sobre a apertura do aparcadoiro da Negral e a urbanización entre a Avda. da Constitución e Río Breiro e a estrada Abanqueiro, Avda. de Barraña e o paseo fluvial ao longo do río (RE 10861 04/11/2015)



- 5 Moción de IC Boiro sobre edificios en ruína (RE 12017 do 11/12/2015)
- 6 Moción do BNG sobre a elaboración dun plan municipal de emprego destinado a frear a emigración xuvenil (RE 24 do 04/01/2016)
- 7 Moción do BNG sobre a promoción do ano 2016 como ano das Irmandades de Fala (RE 25 do 04/01/2016)
- 8 Moción de Boiro Novo sobre a declaración de Boiro como libre de circos con animais (RE 1615 do 11/02/2016)
- 9 Moción do BNG sobre o cumprimento real e efectivo da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas (RE 2113 do 18/02/2016)
- 10 Moción do BNG sobre o 8 de marzo, Día da Muller Traballadora (RE 2114 do 18/02/2016)
- 11 Moción do PP sobre o Día Internacional da Muller Traballadora (RE 2411 do 23/02/2016)
- 12 Moción de IC Boiro sobre transparencia administrativa (RE 2575 do 25/02/2015)
- 13 Moción de Boiro Novo sobre a adopción dun paquete de medidas para a erradicación das situacións de emerxencia social no Concello de Boiro (RE 2771 do 26/02/2016)
- 14 Moción de Boiro Novo sobre a adopción dun conxunto de medidas de conciliación e mellora nas condicións laborais das mulleres do Concello de Boiro (RE 2788 do 29/02/2016)
- 15 Moción do BNG sobre o 40 aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática (RE 2955 do 01/03/2016)
- 16 Moción do BNG sobre a mellora de infraestruturas nos núcleos da Graña, Noceda (RE 2994 do 02/03/2016)
- 17 Moción do PSdeG-PSOE sobre a habilitación dun local para Caritas (RE 3153 do 04/03/2016)
- 18 Moción de Ciudadanos sobre a mellora da estrada de Berres – Saltiño-San – (RE 3147 do 05/03/2016)
- 19 Moción de IC Boiro para que non se cobre con recargo os impagos do IBI do mes de marzo de 2016 (RE 3173 do 05/03/2016)
- 20 Moción do BNG sobre o fomento da normalización do uso do galego (RE 3789 do 17/03/2016)
- 21 Moción do BNG sobre a habilitación dun espazo para o Club de Remo Cabo de Cruz (RE 4141 do 30/03/2016)
- 22 Moción do IC Boiro sobre actuacións para mellorar o aparcamento no Concello de Boiro (RE 4259 do 01/04/2016)
- 23 Moción do BNG sobre a regularización catastral (RE 4549 do 11/04/2016)





- 24 Moción de IC Boiro sobre a redución do complemento de destino do posto de traballo reservado a funcionario con habilitación de carácter nacional de Tesourería (RE 4847 do 19/04/2016)
- 25 Moción de Boiro Novo sobre a regularización catastral (RE 4963 do 21/04/2016)
- 26 Moción do PSdeG-PSOE sobre a Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (RE 25244 do 28/04/2016)

## II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO

- 27 Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía
- 28 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos ao 1º trimestre do 2016
- 29 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 1º trimestre do 2016
- 30 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira, referido ao 1º trimestre do 2016
- 31 Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de subministración de información do 1º trimestre de 2016, derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira
- 32 Mocións de urxencia
- 33 Rogos e preguntas

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 9 de maio de 2016.


O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez".

RECURSOS



Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 9 de maio de 2016

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez

